

## ANUNCIO

O alcalde en funcións o día 07-06-2024, ditou a seguinte Resolución con número 383/2024:

### “RESOLUCIÓN

**ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 3 PRAZAS DE CONDUCTOR/A DE MOTOBOMBA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRAINCENDIOS FORESTAIS**

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000410

### ANTECEDENTES:

Logo de ver as bases da convocatoria para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 3 prazas de condutor/a de motobomba de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide modalidade de contrato de duración determinada, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/05/2024.

Logo de ver a certificación da encargada do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide, na que constan presentadas, dentro do prazo de presentación de instancias, con relación ao proceso de selección de 3 prazas de condutor/a de motobomba de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide.

Logo de ver o informe da técnico de Administración Xeral de data 05/06/2024 e asunto: “Informe listaxe provisional admitidos/as e excluídos/as proceso selección contratación laboral temporal por concurso oposición de 3 condutores de motobomba e 2 brigadas contraincendios forestais composta cada unha por 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns.”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** aprobar a seguinte listaxe de admitidos/as definitiva para as probas que darán lugar a devandita contratación.

### ADMITIDO:

	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI/OUTROS</b>
1	SEIJAS RODRIGUEZ, MARIO	***8023**

### EXCLUÍDOS: NINGUÉN

**SEGUNDO:** logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con referencia: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos e xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora; estará

composta polos seguintes membros:

- **PRESIDENTE:** José Luis Cordido Vázquez (encargado Edificio Multiusos, Concello de Melide);  
Suplente: M<sup>a</sup> Teresa Buján Mosquera (interventora, Concello de Melide).

- **SECRETARIA/O:** M<sup>a</sup> José Enjamio Vázquez (auxiliar adm, Concello de Melide); Suplente: Jesús  
Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide).

- **VOGAIS:**

\* Juan Manuel Cardelle Segade (ordenanza, Concello de Melide). Suplente: M<sup>a</sup> José Rodríguez  
Gómez (ATS, Concello de Melide).

\* Juan Carlos Curros Vázquez (alguacil, Concello de Melide); Suplente: M<sup>a</sup> del Mar Guardo Bande  
(administrativo, Concello de Melide).

\* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide); Sylvia  
Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa de Lalín).

Convócase á Comisión Seleccionadora e ao aspirante, que deberán presentarse **NA NAVE DE  
OBRAS sita no recinto feiral do Concello de Melide** en chamamento único, o **mércores 12 de  
xuño de 2024 ás 10.00 horas**.

**TERCEIRO:** publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello  
de Melide.

Ordeno e asino en Melide, venres 7 de xuño de 2024. Asdo: O alcalde en funcións / Xesús Pereira  
López. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, venres 7 de xuño de 2024. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.